



VALEDOR DO POBO

INFORME DO VALEDOR DO POBO AO PARLAMENTO DE GALICIA

ANO 2006

Selección en <http://www.apdr.info/>

EXTRACTOS DAS MENCIÓNS ÁS ANTENAS BASE DE TELEFONÍA MÓBIL NO INFORME DO VALEDOR DO POBO 2006:

1.3.3.9 Antenas de telefonía móbil sen licenza. Páxinas: 2-4 (165-167 do orixinal)

9.- Recomendación dirixida ao Alcalde de Culleredo o 12 de setembro de 2006 debido á instalación e funcionamento de diferentes antenas de telefonía móbil sen licenza (Q/126/2005). Páxinas 5-12 (613-620 do orixinal)



1.3.3.9 Antenas de telefonía móbil sen licenza

A cidadanía mostra unha crecente preocupación pola incidencia que a degradación ambiental e determinadas infraestruturas poden ter na saúde. Os riscos asociados ao progreso social deben vir acompañados das suficientes garantías e controis que permitan minimizar o perigo. Para os casos en que non se poida proporcionar esa garantía aplícase o denominado principio de precaución ou prevención. Un dos exemplos máis claros de preocupación social polas repercusións das infraestruturas na saúde e a calidade de vida encontrámolo no considerable número de queixas recibidas pola proximidade de antenas

de telefonía móbil a vivendas. Algúns concellos aprobaron ordenanzas que regulan este espiñoso tema. Pero á marxe do contido das regulacións municipais, **todas as instalacións necesitan licenza municipal de funcionamento, de acordo co RAMINP**. Por tanto, as administracións municipais participan preceptivamente no seu control preventivo, a pesar do cal resulta frecuente encontrar concellos que confirman os motivos de queixa dos cidadáns, isto é, que a antena non conta con permiso municipal. Pero o máis significativo é que a reacción municipal adoita ser moi morna ou condescendente, chegando incluso a negar ou descoñecer este requisito.

Este ano de novo encontrámonos cun número considerable de antenas sen a preceptiva licenza municipal de funcionamento. Foi o caso das situadas na Zapateira-Culleredo (Q/126/05). Despois de moito tempo desde que o concello soubese do funcionamento irregular das antenas e resolverse a paralización do seu funcionamento, as resolucións se confirmaron e permanecían executivas, aínda que sen executar. Resultaba rechamante que non se anunciase a efectividade das medidas adoptadas hai tempo e confirmadas ou firmes. Por iso, recomendamos ao Concello de Culleredo (véxase a resolución n.º 9 das desta área) que con urxencia se procedese a revisar a situación irregular das antenas, que, a pesar de carecer das preceptivas licenzas de actividade e de contar con ordes municipais de cesamento emitidas hai moito tempo, sen embargo permanecían en funcionamento, a pesar de que non existía ningunha obxección para a súa execución. Tamén coñecemos casos de antenas sen licenza de actividade en Ferrol (Q/619/06 e Q/1529/06), Santiago (Q/742/05), Tui (Q/717/04), Chantada (Q/655/04), Ares (Q/992/05), Vigo (Q/1165/06 e Q/1792/06), Porto do Son (Q/1765/06) ou Redondela (Q/1028/05).

Observamos tamén que cando as antenas se sitúan en solo rústico algúns concellos negan a súa propia competencia para atacar o funcionamento da actividade, atribuíndo esta responsabilidade á *Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes*, ligando o anterior á competencia estritamente urbanística. Tal cousa sucedeu en queixas contra antenas situadas en Santiago (Q/106/01) ou Chantada (Q/655/04). No primeiro caso, desde hai tempo non se corrixe a situación irregular dunha antena sen licenza debido a que o concello sinala que se trata dunha competencia da administración autonómica. En

realidade as antenas sen licenza nese lugar son dous, pero o curioso é que en relación cunha si interveu, pero non pola outra, con respecto á cal sinala que a paralización da súa actividade corresponde á consellería. Resulta contradictorio que o concello ordene a paralización dunha das antenas (a pesar do cal parece que segue funcionando), pero non con respecto á que se encontra practicamente pegada. Ao respecto sinala que a diferenza de actuación se debe a que a consellería *asumiu a súa competencia nun caso* e no outro non. **A Dirección Xeral de Urbanismo sinalara que a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, despois da modificación de 2004, sinala que a competencia para suspender o funcionamento das antenas corresponde aos alcaldes (art. 214.2).** As instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicación en solo rústico de protección ordinaria son usos permitidos por licenza municipal directa (artigos 33 e 36). Ademais, o concello parece confundir a competencia en relación cos aspectos estritamente urbanísticos e a referida ao uso dunha instalación clasificada. A competencia municipal comentada en certa maneira xa se encontraba recoñecida en canto ao uso das actividades clasificadas, posto que en aplicación do RAMINP os concellos teñen que evitar os funcionamentos irregulares (sen licenza para funcionar). Pero o certo é que as antenas seguen funcionando, e parece labor do concello a aplicación da normativa citada.

1.3.3.10 As avaliacións ambientais

As avaliacións de impacto, efectos ou incidencia ambiental son instrumentos de análise previa das repercusións para o medio dos proxectos públicos e privados, de acordo co previsto na Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia. O último instrumento dos mencionados identifícase co RAMINP. Todos teñen por fin establecer, despois dunha análise rigorosa, a viabilidade ambiental do proxecto e as medidas correctoras que se deben aplicar na súa execución. As queixas nesta orde refírense á ausencia de avaliación ou autorización final, pero sobre todo á súa deficiente realización ou á falta de cumprimento das súas prescricións. Un exemplo disto último encontrámolo na queixa Q/509/04, sobre a modificación do proxecto de estrada de acceso oeste ao Grove. O proxecto modificárase despois da avaliación e da aprobación da declaración de impacto ambiental (DIA), e a Consellería de Medio Ambiente (hoxe *Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible*) unicamente sinalaba que dúas das súas *direccións xerais* informaran favorablemente a

9.- Recomendación dirixida ao Alcalde de Culleredo o 12 de setembro de 2006 debido á instalación e funcionamento de diferentes antenas de telefonía móbil sen licenza (Q/126/2005)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de FJC referente á instalación e funcionamento de diferentes antenas de telefonía móbil na Zapateira. No seu escrito, esencialmente, indícanos que nos terreos do C-S C, sitios na Zapateira, se están instalando unhas antenas de telefonía móbil de 40 ou 50 m, onde xa existían outras dúas de 20 ou 30 m, ambas en funcionamento. As antenas encóntranse a 45 m da súa vivenda e a 400 dos colexios Montespino e Rías Altas, o que xera intranquilidade nos veciños e nos pais dos alumnos polas posibles consecuencias das radiacións na saúde dos veciños, os alumnos e os usuarios das instalacións do casino. O interesado resalta que se observaron que as árbores máis próximas ás antenas se encontraban secas (agora cortáronse) e os veciños notan síntomas que antes da colocación das antenas non sentían, como nerviosismo, dolores de cabeza, insomnio, ansiedade, etc. Ao parecer na vivenda dun veciño mediuse a radiación existente e púidose a comprobar que existía. **As publicacións científicas non negan que as antenas sexan prexudiciais, polo que o principio de prevención obriga a afastar as instalacións dos núcleos habitados e das vivendas.** Ademais, descoñécese se as antenas contan xa con licenzas municipais, tanto de obra como de funcionamento, de acordo co previsto no RAMINP.

Ante iso solicitamos información ao Concello de Culleredo, que nun primeiro momento sinalou o seguinte: “... *as actuacións que por este concello se están levando a cabo en relación co citado expediente (son): en data 2/2/05, notificouse ao S C C, a resolución de alcaldía da mesma data, de que tendo coñecemento este concello de que se está executando a instalación dunha antena de telefonía, sen autorización municipal, ordénaselle a paralización inmediata das obras, e incoar expediente de reposición da legalidade derivada da execución sen licenza das obras referidas anteriormente. En data 2-2-05 presenta RS, en representación de Retevisión Móvil, S.A., solicitude de licenza para a instalación dunha estación base de telefonía móbil, no lugar da Zapateira (C da Coruña).* **Considerando que a instalación de telefonía móbil é unha actividade clasificada e suxeita a lexislación de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas,** con data

29 de marzo notificouse a R S a iniciación do procedemento coa notificación para que achegue o nome de 4 veciños inmediatos ao lugar da instalación e de acordo co previsto no art. 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 10 días deberá efectuar o pagamento do importe da taxa por outorgamento das licenzas de apertura. En canto ás antenas xa instaladas, unha pertencente a T M e outra a V, con data 28 de marzo de 2005, notificouse a resolución da alcaldía, no sentido de conceder audiencia a T M, S.A, e V, polo prazo de 10 días con carácter previo á orde de cesamento da actividade de estación base de telefonía móbil sita nos terreos do S C C, que se vén exercendo sen licenza municipal de funcionamento”.

Da información transcrita deducíase que a actuación municipal era adecuada para impedir que as antenas sen licenza de actividade seguisen funcionando irregularmente, e para impedir a instalación das novas tamén sen licenza. Sen embargo, ao cabo dun tempo o interesado acudiu novamente a esta institución para indicarnos que as antenas non foran legalizadas, pero seguían funcionando. Por iso, de novo nos diriximos ao concello, que nesta ocasión sinalou o seguinte: “*En contestación ao escrito recibido en data 13-6-05, expediente: C6.Q/126/2005, no que solicitan informe sobre a instalación de antenas de telefonía no S C C na Zapateira, comunícolle as actuacións que este concello está levando a cabo en relación co citado expediente: 1.- Con data 31 de maio de 2005, notifícalle a T M, S.A. e a V España, unha resolución ordenando o cesamento inmediato do funcionamento da actividade. 2.- Con data 13 de xuño de 2005, xirouse visita de inspección polo técnico municipal RCR ás instalacións base situadas no S C C, no lugar da Zapateira e en presenza do enxeñeiro técnico de telecomunicacións J.P.C., colexiado n.º x, para informar sobre o funcionamento ou non das antenas alí instaladas e cos equipos correspondentes necesarios, comprobouse que a antena dela non está en servizo e si as de T M, S.A. e V polo que se propón o precinto da actividade. 3.- Nestas datas estase tramitando resolución da alcaldía proponendo o precinto da actividade. 4.- En relación coas licenzas de funcionamento que se están tramitando de acordo co Regulamento de actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas solicitadas por R, T M, S.A. e V España, notificóuselle con data 13 de xuño de 2005 que para continuar coa tramitación dos expedientes deberán presentar: a) certificación do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía de que as emisións das tres antenas non superan os límites legais de emisións. b) De*

acordo co informe realizado en data 31-5-05 pola xefa de sección técnica, as zonas onde se instalan estas antenas figuran no planeamento vixente afectadas por servidumes aeronáuticas, polo que deberá solicitar autorización previa a aviación civil. A citada autorización pódese tramitar a través deste concello”.

Así pois, unha das antenas non se encontraba en funcionamento, pero si as outras dúas. En relación con estas últimas o concello anunciaba que estaba tramitando o seu precinto. Sen embargo, despois dun tempo o interesado acudiu de novo á institución para indicarnos que 3 antenas, 1 de T M e 2 de V, seguían funcionando, sen que o concello actuase para impedilo. Así, despois de poñernos en comunicación unha vez máis co ente local, este sinalou: *“Primeiro.- Con data 22 de setembro de 2005 notificouse a R M, S.A. que para continuar a tramitación do expediente de posta en funcionamento da antena debera presentar diversa documentación. Acompáñase copia da notificación realizada á citada empresa. Segundo.- Con respecto a T M, está pendente de resolver o recurso de reposición presentado contra resolución de data 31 de maio de 2005. Terceiro.- Con respecto a V, está pendente de resolver o recurso de reposición presentado contra resolución de data 20 de maio de 2005 (sic).”* Por tanto, dado que as antenas seguían funcionando sen a correspondente licenza municipal e o concello coñecía recursos acerca da cuestión, de novo nos diriximos a este co fin de que nos informase das actuacións que finalmente adoptaría ao respecto. Neste caso respondeu o seguinte: *“... comunícolle as actuacións que por este concello se están levando a cabo en relación co citado expediente: En relación coa antena instalada por “T M, S.A.” encóntrase pendente de resolución o recurso de reposición interposto. En relación coa antena instalada por “V España, S.A.”, en data 3 de novembro de 2005, ditouse polo concelleiro de Urbanismo, Territorio e Obras Públicas, resolución rexeitando o recurso de reposición interposto por V España, S.A. En data 17 de xaneiro de 2006 pola citada entidade mercantil, interponse recurso contencioso-administrativo contra a anterior resolución, solicitándose nel a suspensión do acto impugnado, estando á espera do que ao respecto se resolva polo xulgado do contencioso administrativo”.*

Da información transcrita deducíase que o ente local seguía indicando que despois de moito tempo se encontraba pendente un recurso (administrativo) de reposición, que era

exactamente o mesmo que se dixera anteriormente (o acto era do 31 de maio de 2005). Por iso, interpretamos que debería encontrarse resolto hai tempo, e a responsabilidade de que non fose así só podería atribuírse ao propio concello. Polo anterior, de novo nos diriximos a este, e neste caso a resposta foi a seguinte: *“T M-Z: Con data 13 de xuño de 2006 por resolución do concelleiro de Urbanismo, Territorio e Obras Públicas, resolveuse desestimar o recurso de reposición interposto por HCM, en representación de T M España, S.A. contra resolución de data 20 de maio de 2005, na que se ordenaba o cesamento inmediato do funcionamento da actividade de estación base de telefonía móbil sita nos terreos do S C C na Zapateira. T M ten solicitada licenza de actividade de acordo co Regulamento de actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas, e nestes momentos está en trámite no concello. Así mesmo T M conta con autorización do Ministerio de Industria Turismo e Comercio a que se refire o artigo 8 do RD 1066/2001. V España-Zapateira: Promoveu un recurso contencioso administrativo, e no curso deste solicitou a suspensión cautelar, rexeitando o xulgado a petición de suspensión con data 10-2-06. V España ten solicitada licenza de actividade de acordo coa lexislación de actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas, nestes momentos está en trámites no concello. Así mesmo V España conta con autorización do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a que se refire o artigo 8 do RD 1066/2001”*.

Así pois, da ampla información municipal transcrita dedúcese que, despois de moito tempo desde que o ente local soubese do funcionamento irregular das antenas e resolvese o cesamento ou a paralización do seu funcionamento (á marxe de que para a súa eventual legalización exixise a solicitude da correspondente licenza de actividade, de acordo co RAMINP), as resolucións de paralización confirmáronse e permanecen executivas, aínda que sen executar. Efectivamente, a pesar do amplo atraso no coñecemento municipal dun dos recursos, este finalmente rexeitouse (sen que se dese recurso xurisdiccional, ou polo menos non se informase del); no outro caso, en primeiro termo rexeitouse o recurso administrativo e así mesmo a suspensión da executividade da resolución. Sen embargo, a pesar desas claras circunstancias e en contra do seu primeiro pronunciamento (o concello resolveu xa hai máis dun ano que o funcionamento das instalacións irregulares debía cesar), o certo é que as ordes aínda permanecen sen executar, en contra da executividade propia das resolucións administrativas, que só poden ser

suspendidas expresamente por resolución administrativa ou auto xudicial, executividade que ademais pode matizarse pola prudencia propia do que de ser o caso se resolva se existisen recursos pendentes de resolución. Esta pendencia dos recursos tívose en conta ata agora e parece que foi o motivo da ausencia de actuación (aínda que, como dixemos, os recursos administrativos deberían terse tramitado con maior dilixencia). Sen embargo, neste momento encontrámonos con que a executividade permanece vixente (non foi acordada a suspensión nin pola propia administración nin polos órganos xurisdicionais; ao contrario, estes rexeitaron a suspensión solicitada por unha das empresas promotoras), e ademais xa non se encontra pendente ningún recurso. Por iso resulta rechamante que o concello, despois de describir a situación mencionada, non acompañe o seu informe cun pronunciamento en relación coa efectividade das medidas adoptadas por el mesmo hai tempo e agora confirmadas ou firmes.

Ademais, é de subliñar que o art. 30 do RAMINP sinala ao respecto que *“obtida a licenza de instalación dunha actividade cualificada como molesta, insalubre, nociva ou perigosa, non poderá comezar a executarse sen que antes se xire a oportuna visita de comprobación ...”*, do que se deduce que sen esta autorización final, que inclúe a comprobación por técnico municipal, as actividades deste tipo non se poden encontrar en funcionamento.

Por tanto, as instalacións carecen de licenza de actividade, polo que o ente local ordenou a súa paralización, pero, por diferentes causas, posteriormente deixou transcorrer un amplo período de tempo sen executar a súa determinación. Tampouco agora (unha vez rexeitada a suspensión da executividade das medidas) o concello anuncia que fará cumprir o sinalado, polo que segue permitindo o funcionamento irregular das instalacións, parecendo dar a entender que o fai porque segue un procedemento de regularización, circunstancia esta que nin moito menos obsta para o cumprimento estrito das ordes municipais de cesamento, que ademais son acordes co previsto no art. 34 do RAMINP, como sinalamos anteriormente.

Por outra parte, que para este tipo de instalacións se fai precisa a licenza de actividade de acordo co RAMINP non parece dubidoso, e de feito o concello exixiuna

desde un *primeiro* momento. Efectivamente, o art. 13 d) da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, ao regular o ámbito das actividades sometidas a avaliación de incidencia ambiental (RAMINP, ata tanto se desenvolva unha lexislación propia), sinala que entre as actividades perigosas se encontran as que poidan dar lugar a riscos graves por explosións, combustións, radiacións e outras de análoga natureza. No seo do expediente de RAMINP corresponde ao concello comprobar a conformidade do proxecto coa normativa que ten por fin a protección do medio ambiente e a calidade de vida dos potenciais afectados, bens especialmente protexidos pola vixente Constitución (art. 45). Así o vén a corroborar unha *sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León do 8 de febreiro de 2001*, onde se sinala que no caso dunha antena que se pretendía instalar xunto a un centro de educación de preescolar, debe quedar claro que *“todo outorgamento de licenza ha de comprobar a conformidade do que se solicita en relación coa normativa de protección do medio ambiente e da calidade de vida, así como a licitude da colocación da actividade ou do uso urbanístico que se pretende, e con iso se exerce a potestade municipal de control na concesión de licenzas (STS 27.10.1997)”*. O acto administrativo recorrido expresa as súas dúbidas sobre a seguridade das persoas e o medio ambiente, polo que entende que só podería estimarse o recurso interposto pola promotora da antena en caso de que se despexasen todas as dúbidas, o que considera que non tivo lugar, posto que o propio perito manifestou que non pode asegurar que non existan riscos para a saúde das persoas. No mesmo sentido (necesidade da licenza de funcionamento de acordo co RAMINP) pronunciouse a sentenza n.º 260 do Xulgado do Contencioso Administrativo n.º 3 de Pontevedra, na que se indica que se aprecia con claridade a nulidade da licenza outorgada, de forma substancial por non ter dado ao expediente a tramitación prevista no Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o RAMINP.

Ademais, outra recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao examinar a legalidade das diferentes disposicións da ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de antenas de telefonía móbil do Concello de Chantada sinala o seguinte en relación coa existencia da licenza de actividade neste tipo de antenas (fundamento xurídico sétimo): *“Sostén a parte recorrente con relación ao artigo 17 da ordenanza, na que se establece o carácter clasificado da actividade e no que se somete a*

concesión das licenzas ao réxime previsto no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, que é suficiente a licenza urbanística. Fronte a iso, non parece superfluo recordar por un lado a crecente preocupación social e, por outro, o non ofrecemento de probas concluíntes sobre a inocuidade da actividade. A masiva proliferación de fontes xeradoras de campos electromagnéticos (liñas de alta tensión, aparatos eléctricos, antenas de telefonía móbil) xerou incertezas na sociedade en xeral que os estudos científicos non despexaron ata o momento. Baixo os auspicios da Organización Mundial da Saúde iniciouse no ano 1996 un estudo, no que participan máis de 40 países e sete organizacións internacionais (Centro Internacional de Investigacións sobre o Cáncer, Comisión Electrotécnica Internacional, Comisión Europea, Comisión Intenacional de Protección sobre as Radiacións non Ionizantes, Oficina Internacional do Traballo, Organización do Tratado do Atlántico Norte, Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e Unión Internacional de Telecomunicacións) e tras máis de 25000 artigos publicados, dada a complexidade do tema, a controversia suscitada e as enormes contradicións encontradas estase á espera de que se fagan públicas as conclusións finais. Por razóns temporais as instalacións de telefonía móbil non se encontran recollidas no anexo do RAMINP, pero atendendo á natureza da actividade, parece incuestionable que a autorización daquelas estean sometidas ao procedemento autorizadorio no previsto. O mínimo principio de precaución permite incluír as instalacións de mención entre as actividades descritas no artigo 3 do Regulamento de referencia cuxo anexo non contén unha lista cerrada e exige ademais ser integrada polo artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro. Dito o anterior resta indicar que a impugnación referida ao artigo 17 está condenada ao fracaso. Os informes preceptivos e previos que a norma exige (Dirección Xeral de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e os urbanísticos, xurídicos e de sanidade propios do concello), son consecuencia do procedemento, previsto no RAMINP e non ten porque incidir na competencia estatal. Unha lectura atenta da norma revela que esta se refire a competencias propias municipais na concesión da licenza de obras e de actividade (clasificada) e non invade a competencia estatal. Recordemos que o Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radiadas e medidas de protección fronte á planificación e a inspección das emisións, así como que a Orde de 9 de marzo de 2000, a que se refire o

Real Decreto 1066/2002, ao establecer no artigo 10, último parágrafo que: a autorización das instalacións das estacións fixas queda condicionada, en calquera caso, á ausencia de perturbacións a outros servizos radioeléctricos, así como ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de servidumes radioeléctricas ou aeronáuticas, de medio ambiente, ordenación do territorio ou calquera outra que resulte de aplicación, recoñece a concorrencia de autorizacións estatais e locais cun ámbito obxectivo distinto”.

Por todo o sinalado ata agora débese afirmar a necesidade da licenza municipal de actividade e funcionamento para a instalación e uso das antenas de telefonía móbil, e a necesidade de impedir o funcionamento das que carezan dela.

É de sinalar que o cidadán que acudiu ao Concello de Culleredo nun primeiro momento, e, posteriormente, a esta institución, co fin de que as actuacións ou abstencións municipais fosen obxecto de supervisión, en aplicación do disposto no artigo 1.3 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, está demandando a preservación dun interese especialmente protexido na Constitución española, que ampara os dereitos á protección da saúde (art. 43.1 CE) e a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2 CE). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, e entre eles as administracións locais, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Culleredo a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se proceda a revisar a situación irregular das antenas de telefonía móbil obxecto da presente queixa, que, a pesar de careceren das preceptivas licenzas de actividade e de contaren con ordes municipais de cesamento emitidas hai moito tempo por ese motivo, sen embargo seguen en funcionamento, a pesar de que na actualidade non existe ningunha obxección para a execución da devanditas ordes”.

Resposta do Concello de Culleredo: recomendación aceptada parcialmente.

PREOCUPACIÓN CIUDADANA

El Valedor amonesta a los alcaldes por las antenas de telefonía ilegales

18.02.2008 La institución que dirige Benigno López denuncia que los ayuntamientos le confirman que estas estaciones no cuentan con licencia, pero no hacen nada para que dejen de funcionar ·· Según su último informe, sólo en 2006 tuvo constancia de nueve municipios en los que se daba esta situación

NATALIA SEQUEIRO • SANTIAGO

Una reacción muy tibia o condescendiente. Así califica el Valedor do Pobo la respuesta de la mayor parte de ayuntamientos gallegos cuando les traslada la preocupación de los ciudadanos por la instalación de antenas de telefonía móvil próximas a sus viviendas. En la memoria anual de 2006, remitida recientemente al Parlamento, Benigno López les recuerda a los alcaldes que todas las instalaciones deben contar con una licencia para su funcionamiento. Pese a ello, subraya el Valedor, "es frecuente encontrar ayuntamientos que confirman los motivos de la queja de los ciudadanos, esto es, que la antena no cuenta con permiso municipal".

Desde finales de los 90, numerosos colectivos vecinales de toda Galicia se han dirigido al Valedor do Pobo preocupados por la proximidad de las antenas a sus domicilios o a las escuelas de sus hijos. Los ciudadanos consideran molestas estas instalaciones y temen que puedan causar enfermedades en el barrio. "Uno de los ejemplos más claros de preocupación social por las repercusiones de las infraestructuras en la salud y en la calidad de vida lo encontramos en el considerable número de quejas recibidas por la cercanía de antenas de telefonía móvil a viviendas", señala el informe.

La institución que dirige Benigno López señala que "los riesgos asociados al progreso social deben venir acompañados de las suficientes garantías y controles que permitan minimizar el peligro". Según el Valedor, es necesario aplicar el principio de precaución o prevención, en caso de que no se esté seguro de que los avances técnicos sean inocuos.

Sólo en 2006 -el año del último informe publicado por la institución encargada de supervisar la actividad de las administraciones públicas gallegas- el Valedor tuvo constancia de que en nueve municipios funcionaban antenas sin licencia municipal. Estos, según se recoge en el informe, fueron Culleredo, Ferrol, Santiago, Tui, Chantada, Ares, Vigo, Porto do Son y Redondela.

El Valedor pone de manifiesto que los ayuntamientos suelen escudar su responsabilidad y pasarle la pelota a otras administraciones. Fue el caso de Santiago o Chantada. En sus comunicaciones a la oficina que dirige Benigno López, los responsables municipales justificaron su permisividad alegando que en las antenas situadas en suelo rústico, la competencia recae en la Consellería de Política Territorial. En el informe, el Valedor les recuerda a los alcaldes que según la Ley 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia y según el Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, (Raminp) son los ayuntamientos los que deben evitar los funcionamientos irregulares. "Pero lo cierto es que las antenas continúan funcionando", concluye el Valedor.

EL CASO

Culleredo

En el informe, del año 2006, el Valedor do Pobo explica el caso de Culleredo. Tras recibir una queja se dirigieron al Ayuntamiento para comunicarle el funcionamiento irregular de antenas. Éste resolvió paralizarlas, pero, sin embargo, no ejecutaba la orden y seguían funcionando .